



NORMA DE CONSERVACIÓN 2011/04 (15)

Denominación da serie: Cargos emitidos

Posuidor do exemplar principal: Servizo de Xestión Financeira. Sección de Orzamentos

Período de permanencia nos arquivos de xestión: 4 anos desde o remate do exercicio económico

Período de permanencia no CEDAR: 11 anos, ata completar un período de 15 anos desde o remate do exercicio por razóns de precaución.

Valor administrativo: Durante a execución do exercicio anual ou mentres dure a actividade que orixinou o ingreso polo pagamento dun prezo público.

Valor legal ou xurídico: A Lei xeral orzamentaria establece (art. 11) que, sen prexuízo na normativa reguladora de cada dereito, a extinción dos dereitos de natureza pública da Facenda Pública son os que estableza a Lei xeral tributaria (art.66), que é de 4 anos. Este prazo de prescrición interrómpese por calquera acción administrativa realizada con coñecemento do suxeito pasivo ou pola interposición de reclamación ou recurso de calquera clase.

Débese ten en conta igualmente, que durante 5 anos desde a aprobación da Liquidación do orzamento (ou Conta xeral, cando a houber) do exercicio polo Consello Social da Universidade e a súa remisión ao Consello de Contas este pode desenvolver a súa función fiscalizadora.

Acceso: Restrinxido

Conservación permanente: Conservaranse de forma permanente unha mostraxe aleatoria de cando menos unha caixa de expedientes por ano e a listaxe de cargos de cada ano.

Data da Resolución Reitoral: 24/01/2011